USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# nEDIUS

## Sumario | nº47 — Maio 2025

EDIUS | NOVAS
**O CiMUS é recoñecido como Unidade de Excelencia María de Maeztu** ↗

EDIUS | NOVAS
**Máis de 30 membros do IGFAE, galardoados co premio Breakthrough de Física Fundamental** ↗

3MT®
**Ampliado até o 18 de maio o prazo para enviar vídeos ao concurso 3MT** ↗

EDIUS | NOVAS
**Aberto o prazo do XI Concurso Literario Mazarelos** ↗

EDIUS | NOVAS
**Lugo converterase do 4 ao 6 de xuño no epicentro da análise sensorial** ↗

EDIUS | NOVAS
**Aberta a décimo sexta edición dos Premios á Introdución da Perspectiva de Xénero na Docencia e a Investigación** ↗

EDIUS | NOVAS | ENTREVISTA
**José Manuel Cifuentes ingresa na Real Academia de Ciencias Veterinarias de España como académico correspondente**



«A visión dunha investigación sen animais cada vez se acerca máis» ↗

EDIUS | NOVAS
**En marcha o XII Encontro da Mocidade Investigadora** ↗

EDIUS | NOVAS
**O Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e a Cultura celebra a súa primeira xornada de Redacta a Túa Tese** ↗

EDIUS | NOVAS
**Unha tese sobre o mito de Antígona, premiada pola Fundación Academia Europea e Iberoamericana de Yuste** ↗

EDIUS | NOVAS
**A USC convoca axudas para financiar melloras nos Programas de Doutoramento** ↗

ENTREVISTA



Antonella Sturla Meilán

«Todo o que me vincule a Galicia é sempre unha homenaxe aos meus avós, ao seu esforzo e á súa sensibilidade» ↗

3MT®

# Ampliado até o 18 de maio o prazo para enviar vídeos ao concurso 3MT

As persoas interesadas en participar na cuarta edición do concurso 'Teses en tres minutos' poderán enviar os seus vídeos até o 18 deste mes de maio.

Nesta **ligazón** poderase cumprimentar a ficha de inscrición e subir o vídeo. Os requisitos para participar nesta cuarta edición do 3MT son dous: estar matriculado/a nun programa de doutoramento da USC no curso 2024/2025 e non ter defendido aínda a tese.

O 'Three Minute Thesis '(3MT®) é un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras predoutorais de todas as áreas do coñecemento que apoia a capacidade do alumnado de doutoramento para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos, nunha linguaxe adecuada para un público non especializado.

A selección dos vídeos finalistas estará a cargo dun comité académico conformado por membros da EDIUS e do profesorado da USC. Este comité será o encargado de elixir un máximo de 20 vídeos, 5 por cada área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñarías; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorrerán nunha Gran Final.

A Gran Final celebrarase o xoves 5 de xuño, nun lugar aínda por determinar. As 20 persoas finalistas farán a presentación da súa investigación en persoa. A exposición, que se fará diante do xurado e do público, deberá respectar o tempo (3 minutos) e o guión do traballo presentado en formato vídeo. Nesta gala serán entregados os catro Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada área.

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# En marcha o proceso para elixir aos membros non natos do Comité de Dirección

O pasado mes de abril comezou o proceso de elección dos membros non natos do Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento da USC. Concretamente, van elixirse:

**Oito representantes do persoal docente e investigador vinculado aos programas de doutoramento adscritos á EDIUS**, dous por cada sección, que pertencerán preferentemente a ámbitos de coñecemento e programas de doutoramento diferentes.

**Unha representación do estudantado de doutoramento**, cunha distribución en número semellante para cada sección e que pertencerán preferentemente a ámbitos de coñecemento diferentes. A representación do estudantado suporá o 25% do número total dos membros do Comité de Dirección.

**Unha persoa representante do persoal técnico,** de xestión e de administración e servizos da EDIUS.

Todas as persoas representantes elixibles serano por un período de dous anos. Para a elección das persoas representantes mencionadas observarase o disposto no Regulamento electoral xeral da USC. Tras o nomeamento dos novos membros realizarase a elección do director ou directora da EDIUS, previsto para os meses de xuño ou setembro.

EDIUS NOVAS

# Axudas por Programa de Doutoramento (PD)

O Comité de Dirección da EDIUS do pasado 22 de abril aprobou unha dotación económica para que os Programas de Doutoramento (PD) poidan cubrir gastos de funcionamento básicos e outros aspectos asociados coa coordinación destes programas. O importe global máximo é de 8.000 euros. Á hora de repartir esta cantidade téñense en conta criterios como o carácter do PD (programas non universitarios; interuniversitarios con universidades do SUG ou interuniversitarios con universidades de fóra do SUG). Tamén se terán en conta o número de persoas matriculadas nun programa e as teses defendidas durante o ano 2024.

Os gastos que se poden financiar coa dotación por Programa inclúe gastos de funcionamento ordinario, material funxible, fotocopias, asistencia a reunións da CAPD, etc. Non se consideran gastos financiables con estas axudas: a impresión de teses, a dotación económica ás persoas doutorandas, o gasto asociado aos tribunais de tese, o pago por conferencias de profesorado USC do programa, material inventariable, etc.

**Máis información nesta ligazón.**

EDIUS NOVAS

# A USC convoca axudas para financiar melloras nos Programas de Doutoramento

A Universidade de Santiago de Compostela convoca unha serie de axudas de financiamento para que as coordinacións de Programas de Doutoramento poidan realizar solicitudes de financiamento para diversos tipos de accións de mellora. O importe máximo para o total das accións a financiar nesta convocatoria é de 30.000€.

O obxecto desta convocatoria é regular os tipos de accións a financiar e as cantidades económicas máximas asociadas a cada acción, así como os prazos e procedementos para a presentación de solicitudes e para a execución e xustificación das axudas concedidas a programas de doutoramento ao abeiro da convocatoria.

| Acción | | Financiamento máximo por acción |
|---|---|---|
| Tipo | Descrición | |
| Difusión e captación | Difusión do programa e captación de estudantes (por exemplo, actualización da páxina web; posicionamento da web en buscadores; xestión de canles de comunicación; deseño e/ou impresión de material publicitario; campañas de publicidade; xornadas de captación de estudantado potencial) | 800€ |
| Charlas | Xornadas formativas, formativas, charlas, conferencias etc. relacionadas cos contidos curriculares do programa e impartidas por profesionais externos/as ao programa | 600€ |

Ir ao sumario

| Acción | | Financiamento máximo por acción |
|---|---|---|
| Tipo | Descrición | |
| Transversais | Actividades relacionadas coa mellora das competencias \| transversais do estudantado do programa (por exemplo, cursos especializados, charlas etc.) | 600€ |
| Material | Equipamentos, licenzas, simuladores, material bibliográfico etc. especializados relacionados cos contidos curriculares do programa | 1000€ |
| Estudantes | Asistencia de estudantes a actividades relacionadas cos contidos curriculares do programa (por exemplo, congresos, simposios, cursos etc.; será necesario xustificar a relación da actividade cos contidos curriculares do programa) | 1000€ |
| Carreira profesional | Xornadas, charlas, conferencias etc. relacionadas co desenvolvemento da carreira profesional do estudantado do programa impartidas por profesionais externos/as ao programa | 600€ |
| Egresados/as | Avaliación da inserción laboral dos/as egresados/as do programa | 1000€ |

**Máis información na seguinte ligazón**

As coordinacións de programas de doutoramento que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar en liña como máximo unha solicitude de financiamento por cada programa. As solicitudes que excedan esa cifra non serán consideradas.

As solicitudes serán enviadas á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización a través dun **formulario en liña** antes das 14:00 horas do día 9 de maio de 2025. Este organismo determinará as solicitudes que cumpren os requisitos para concorrer á convocatoria e a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno, resolverá as accións a financiar na mesma.

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# Máis de 30 membros do IGFAE, galardoados co premio Breakthrough de Física Fundamental



Os premios Breakthrough, coñecidos como os “Oscar da Ciencia”, acaban de recoñecer, na categoría de Física Fundamental, a Organización Europea para a Investigación Nuclear (CERN) e os seus catro principais experimentos: ATLAS, CMS, ALICE e LHCb. Na listaxe de persoas galardoadas (as máis de 13.500 que compoñen estas grandes colaboracións experimentais), figuran máis de 30 membros actuais do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE), centro de investigación da USC e a Xunta de Galicia, aos que hai que sumar un importante número de estudantes de doutoramento e persoal investigador que desenvolveron parte da súa carreira no centro. O premio outorgouse ás catro colaboracións polas súas “medicións detalladas das propiedades do bosón de Higgs”.

Na actualidade, o equipo do IGFAE en LHCb está composto por 33 persoas: oito investigadores sénior, tres posdoutorais, quince estudantes de doutoramento, un enxeñeiro doutor, tres técnicos e tres estudantes de mestrado. O Instituto é un dos membros fundadores do experimento LHCb e actualmente representa o equipo español máis numeroso neste experimento, ocupando ademais cargos de alta responsabilidade na colaboración.

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# José Manuel Cifuentes ingresa na Real Academia de Ciencias Veterinarias de España como académico correspondente

José Manuel Cifuentes Martínez, profesor da USC e subdirector de Ciencias da Saúde da EDIUS, ingresou o pasado 7 de abril como académico correspondente electo da Real Academia de Ciencias Veterinarias de España. O profesor do Campus de Lugo centrou o seu discurso de ingreso na bioética e na experimentación animal dende unha perspectiva histórica e a súa presentación correu a cargo do académico de número, Francisco Gil Cano.

Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela dende 1989 coa tese titulada “Contribución al conocimiento morfológico y funcional del órgano vomeronasal del perro”, dirixida por Ignacio Salazar Beloqui, o profesor Cifuentes Martínez pertence ao Departamento de Anatomía, Produción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias e á área de Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas. Ademais, é integrante do grupo MORFAN (Morfoloxía animal).



ENTREVISTA



**José Manuel Cifuentes**

Profesor da USC e subdirector de Ciencias da Saúde da EDIUS

# «A visión dunha investigación sen animais cada vez se acerca máis»

**Que supón para vostede este novo cargo?**
É un honor que non estou seguro de merecer e supón unha gran responsabilidade, dado o legado histórico que esta institución representa. Aceptar esta proposta non só representa un desafío persoal, senón tamén unha oportunidade para contribuír ao desenvolvemento do traballo que se leva a cabo na Real Academia.

**Cal é a principal tarefa da Real Academia de Ciencias Veterinarias de España?**
Tal e como se recolle nos Estatutos e no Regulamento: "A Real Academia de Ciencias Veterinarias está considerada como un dos máximos expoñentes das Ciencias Veterinarias. Estas téñense proxectado a través dos anos en múltiples ámbitos, que se foron ampliando ao longo do tempo: desde a medicina veterinaria a produción animal e o medio ambiente; desde a saúde pública, a hixiene e seguridade dos alimentos. Por elo, son obxecto da Real Academia as actividades históricas, científicas e técnicas, xurídicas e éticas onde se exercen as competencias do veterinario. En especial, as que se refiren á produción pecuaria, á saúde dos animais e á relación desta coa saúde humana e co medio ambiente. Neste contexto, a Real Academia contribúe á difusión do progreso das ciencias e ao perfeccionamento das técnicas que inflúen nas actividades veterinarias, así como ao desenvolvemento das relacións científicas e técnicas, nacionais e internacionais, entre as Ciencias Veterinarias e as demais áreas das Ciencias da Saúde, Ciencias Experimentais e Ciencias Sociais".

**Cal lle gustaría que fose a súa aportación a esta entidade?**
A Real Academia estrutúrase organicamente en Seccións, e eu entrei a formar parte da Sección quinta: Historia, Deontoloxía, Bioética e Lexislación. Polo tanto, a actividade a desenvolver estará relacionada con este ámbito. Agardo estar á altura e farei o posible pon non defraudar e, con humildade e traballo, colaborar nas actividades para as que se me requira.

Ir ao sumario

**Bioética e experimentación animal. Por que decidiu centrar o seu discurso de ingreso neste tema?**

En primeiro lugar, porque este tema ten un encaixe adecuado nas temáticas que se desenvolven na sección quinta da Real Academia. Por outra banda, a importancia e a repercusión da temática sobre a bioética en experimentación animal queda recollida en diferentes disposicións legais que se inician co Real Decreto 1201/2005, de 10 de outubro, sobre a protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos (BOE no 252, de 21 de outubro), que traspoñía e desenvolvía a Directiva 86/609/CEE do Consello de 24 de novembro de 1986 relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados Membros respecto da protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos. Estas normativas fóronse modificando con posterioridade, estando vixente na actualidade o RD 53/2013 de 1 de febreiro (BOE no34 de 8 de febreiro). Na data de publicación deste Real Decreto 1201/2005, eu desempeñaba un cargo de xestión na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e encomendóuseme levar a cabo a creación do Comité de Bioética da USC. Dende ese momento e até a actualidade tiven unha relación directa cos aspectos bioéticos da experimentación con animais na USC.

**Está cerca a investigación sen animais?**

O Laboratorio de Referencia da UE sobre Alternativas a Experimentación con Animais (EURL ECVAM), creado pola Directiva 2010/63/UE, traballa na promoción e o desenvolvemento de métodos alternativos para a investigación sen animais. O seu obxectivo é validar métodos que substitúan, reduzan ou perfeccionen o uso de animais en probas de seguridade e eficacia de produtos químicos, biolóxicos e vacinas. Na última década, a investigación sen animais ten experimentado un notable avance. Cada día publícanse novos métodos de investigación que prescinden do uso de animais. A base de datos NAT (Non Animal Technologies) recompila e facilita información sobre técnicas modernas sen animais, aplicables á biomedicina e ás ciencias da vida. A visión dunha investigación sen animais cada vez se achega máis. Os modelos de organoides humanos e os sistemas de órganos en chips avanzados que se poden combinar con enfoques in silico, xa son unha realidade. Na actualidade a investigación con seres vivos é revisada e autorizada por distintos comités de ética. O emprego de animais en investigación supón unha obriga legal e moral para asegurar o seu benestar e causarlles o menor sufrimento posible.

**«Agardo estar á altura e farei o posible pon non defraudar e, con humildade e traballo, colaborar nas actividades para as que se me requira»**

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# O Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e a Cultura celebra a súa primeira xornada de Redacta a Túa Tese

Co fin de facilitar o encontro de todas as persoas matriculadas no Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e a Cultura, o vindeiro 15 de maio celebrarase unha Xornada RTT (Redacta a Túa Tese). Esta iniciativa quere tamén dar a oportunidade de intercambiar ideas, compartir a experiencia da redacción da tese, axudar mutuamente a alumnado e profesorado e resolver os contratempos que poidan xurdir ao longo deste proceso

A xornada, que comezará ás 9 da mañá na sala de graos da Facultade de Filoloxía de Santiago, consistirá en traballar conxuntamente nas respectivas teses e tamén en dialogar de maneira informal sobre os estudos, tanto na aula como durante unha comida prevista na cafetería da Facultade para quen se inscriba. A aula estará reservada todo o día para que cada quen poida ir e vir cando queira, ou mesmo quedarse a traballar todo o día.

Este tipo de evento constitúe unha novidade neste programa de doutoramento e poderá repetirse varias veces durante o vindeiro curso se existe demanda.

María Teresa Bermúdez de la Puente Campos é a persoa encargada de organizar esta actividade. Con ela falamos para que nos explicara un pouco máis polo miúdo en que consiste.



María Teresa Bermúdez de la Puente Campos

Ir ao sumario

### Como naceu a idea desta xornada?

Durante a estadía de investigación que fixen durante catro meses nauniversidade de Estrasburgo (Francia) era unha actividade que se facía unha vez á semana en cada programa de doutoramento. Os doutorandos e doutorandas organizaban este tipo de xornadas para aumentar a produtividade e á vez favorecer o contacto entre eles. Créase un bo ambiente de traballo con xente que está facendo o mesmo e que ten os mesmos problemas e preocupacións.

**Existe algún exemplo dentro doutros programas de doutoramento da USC?**

Non que eu saiba.

**Cales credes que son as principais necesidades e preocupacións do alumnado de doutoramento do voso programa?**

A principal preocupación é a obtención de financiamento, xa que desgraciadamente a maior parte do estudantado non obtén ningunha bolsa. Tamén existe unha inquietude polas posibilidades de atopar traballo despois do doutoramento, así como o medo de non acabalo a tempo.

**E dos titores ou directores de tese?**

A obtención de financiamento.



EDIUS NOVAS

# O CiMUS é recoñecido como Unidade de Excelencia María de Maeztu




O Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas da USC (**CiMUS**) vén de alcanzar o recoñecemento concedido polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades como Unidade de Excelencia María de Maeztu.

**Esta resolución provisoria** concede 75,7 millóns de euros para recoñecer e financiar nove centros e oito unidades de excelencia que "destacan polo seu impacto científico e liderado internacional", sinala o Ministerio.

O CiMUS uniríase deste xeito ao Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE), quen revalidou esta concesión na convocatoria de 2023 logo de converterse no ano 2017 no primeiro instituto galego en ostentala. O selo como Unidade María de Maeztu supón unha achega de 3 millóns de euros para un período de catro anos. Como sinala a resolución ministerial, a convocatoria "permite fortalecer a organización, a planificación estratéxica da investigación e o fomento das boas prácticas na xestión da investigación". Igualmente, persegue "o incremento da visibilidade dos centros e unidades de excelencia, a internacionalización, así como a atracción e contratación de talento investigador novo".

Ademais deste novo selo, o CiMUS conta co recoñecemento CIGUS da Xunta de Galicia (ED431G/2023/2) que acredita a calidade e impacto da súa investigación e está subvencionado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e cofinanciado pola Unión Europea. Dende a súa posta en funcionamento, a misión do CiMUS consiste en realizar unha investigación de calidade contrastada en enfermidades crónicas, conectada á traslación e transferencia para que as persoas doentes reciban de volta eficientemente as solucións terapéuticas.

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# Aberto o prazo do XI Concurso Literario Mazarelos

A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca o XI Concurso Literario Mazarelos. No certame pode participar o estudantado de grao, mestrado e doutoramento matriculado na USC, ou ben persoas investigadoras que estean contratadas na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, en calquera momento do ano 2025 anterior á finalización do prazo de presentación.

Admítense obras de calquera xénero literario e de calquera tema, sempre que sexan orixinais, escritos en lingua galega en calquera norma ortográfica, inéditos e non premiados noutros concursos. O prazo de presentación de traballos remata o 30 de setembro e establécese un premio de 600 euros para a persoa gañadora, 500 para o segundo posto e un terceiro de 400 euros.

Bases do concurso **nesta ligazón**



EDIUS NOVAS

# Lugo converterase do 4 ao 6 de xuño no epicentro da análise sensorial




A sexta edición do **Congreso da Asociación Española de Análise Sensorial** (AEPAS) desenvolverase en Lugo entre o 4 e o 6 de xuño. Baixo o lema "A fusión entre sentidos e datos", neste foro conflúen ciencia, industria e tecnoloxía para afrontar grandes desafíos empresariais desde a perspectiva sensorial. Durante tres días, exploraranse as posibilidades de aplicar a análise a través dos sentidos e a intelixencia artificial no desenvolvemento de produtos, a experiencia de uso e a toma de decisións baseada en datos. A **inscrición** neste congreso internacional pode formalizarse até o 21 de maio con tarifas reducidas para estudantes. Ademais, convocouse un concurso de resumos científicos do que sairán dous traballos premiados.

A sexta edición contará coa participación de persoal investigador das universidades españolas, así como representantes do CSIC. Xunto a eles, estarán presentes entidades tractoras do ecosistema de innovación como CLUSAGA e unha destacada representación do tecido industrial estatal e galego. O Congreso reunirá empresas líderes como Innolact, Martín Códax, Viña Costeira, Estrella Galicia e Nova Pescanova, así como referentes a nivel estatal como CAPSA, Congelados de Navarra, Ametller Origen, Grupo Carinsa e Pascual, entre outras.

Ademais de conferencias maxistrais, mesas redondas e relatorios científicos, o programa incluirá sesións de cata, talleres prácticos e espazos de *networking* deseñados para propiciar a colaboración e o nacemento de novos proxectos. Tamén se desenvolverán actividades sociais, gastronómicas e unha visita guiada pola cidade de Lugo, que permitirán ás persoas participantes gozar da contorna mentres fortalecen a comunidade profesional da análise sensorial.

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# En marcha o XII Encontro da Mocidade Investigadora

Na actualidade, estase levando a cabo a selección dos membros da organización deste XII Encontro



A Universidade de Santiago de Compostela (USC) acollerá un ano máis o Encontro da Mocidade Investigadora (EMI). A XII edición deste evento celebrarase a última semana de xuño ou a primeira de xullo, informándose nos próximos días da data definitiva e do prazo para presentación de comunicacións a través da web e do LinkedIn. Na actualidade, estase levando a cabo a selección dos membros da organización deste XII Encontro, que se darán a coñecer ao longo deste mes de maio.

Este evento desenvólvese, dende o ano 2012, co propósito de favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado entre o estudantado de doutoramento. Organizado por investigadores e investigadoras procedentes da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo, está aberto a todas as persoas doutorandas destas universidades. O único requisito para participar será ter formalizada a matrícula en calquera programa de doutoramento dalgunha das universidades do Sistema Universitario Galego (SUG). As persoas participantes terán a oportunidade de asistir e facer as súas contribucións neste evento, que durante dous días ofrecerá sesións de relatorios, pósters e mesas redondas.

O obxectivo destas xornadas é dar a coñecer as principais temáticas de cada campo de investigación, o que, sen dúbida, constituirá unha experiencia enriquecedora para todas aquelas persoas que se animen a participar. Así mesmo, o programa contempla a entrega de premios á mellor comunicación de cada área de investigación (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura).

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# Aberta a décimo sexta edición dos Premios á Introdución da Perspectiva de Xénero na Docencia e a Investigación

A USC convoca unha nova edición dos Premios á Introdución da Perspectiva de Xénero, financiados polo Concello de Santiago, coa finalidade de fomentar a introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación, considerada como unha dimensión de calidade. A admisión de candidaturas finaliza o 20 de maio de 2025.




Os premios teñen dúas modalidades, a experiencias docentes que teñan incluído a perspectiva de xénero e a investigacións con perspectiva de xénero, das que resultarán premiadas en cadansúa categoría tres iniciativas cunha dotación económica de 1.000 euros para o primeiro premio, de 750 para o segundo e de 500 para o terceiro.

Na primeira modalidade o contido ten que tratar sobre unha experiencia educativa innovadora relativa á inclusión da perspectiva de xénero na docencia, realizada no ámbito da USC nos últimos tres anos. A experiencia terá que incidir na mellora do ensino e da aprendizaxe na universidade e terase en conta que sexa susceptible de ser trasladada a outros contextos de ensino superior.

A outra modalidade premiará traballos de investigación desenvolvidos nos últimos tres anos en calquera ámbito do coñecemento que inclúan a perspectiva de xénero na formulación de hipótese, deseño e proxecto, metodoloxía e implementación da investigación, así como na publicación de resultados obtidos.

↵ Ir ao sumario

# Formación

## Actividades
Maio 2025

### Perspectiva de Xénero na Investigación: un enfoque integrador ↗

6, 13, 20, 27 de maio de 2025
Actividade *online*
Matrícula: do 22 ao 29 de abril de 2025
Horario: de 16:00h a 18:30h

### Crea a maqueta da túa tese en Latex ↗

19, 20, 21, 26, 27, 28 de maio de 2025
Facultade de Filosofía
Matrícula: do 5 ao 12 de maio de 2025
Horario: de 15:30h a 18:30h

### O concepto de xénero e o seu valor na investigación actual ↗

19, 21, 22 e 28 de maio de 2025
Seminario Margaret Mead - 303. Facultade de Filosofía
Matrícula: do 5 ao 12 de maio de 2025
Horario: de 16:30h a 19:30h

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# Unha tese sobre o mito de Antígona, premiada pola Fundación Academia Europea e Iberoamericana de Yuste

**Máis información**

A tese da investigadora Antonella Sturla Meilán "**Antígona: memorias y resistencias. Las representaciones del mito en las teatralidades a ambos lados del Atlántico**", dirixida por Ana Cabana Iglesia e María Xesús Nogueira Pereira, foi recoñecida co accésit no IX Premio de Investigación a Teses Doutorais Iberoamericanas. Trátase dun premio outorgado pola **Fundación Academia Europea e Iberoamericana de Yuste** a teses de doutoramento que aborden as relacións entre España, Portugal ou Europa, no seu conxunto, con Iberoamérica, e viceversa.

O traballo de Antonella Sturla Meilán propón un percorrido por obras que retoman o mito de Antígona para actualizalo na ritualidade teatral, co obxectivo de esgrimir unha ferramenta de denuncia das ditaduras latinoamericanas así como da Guerra Civil Española. A análise dos textos dramáticos promove un diálogo entre Latinoamérica e España, principalmente, entre Bos Aires e Galicia, a partir dunha lectura de xénero proposta como eixo transversal e o estudo comparativo da tríada temática poder-resistencia-memoria para dar conta do modo no que as diversas versións de Antígona escenificaron os abusos silenciados e reivindicaron o lugar do teatro como un mecanismo asociado á conservación da memoria colectiva.

Ir ao sumario

ENTREVISTA



Antonella Sturla Meilán

Antonella Sturla:

# «Todo o que me vincule a Galicia é sempre unha homenaxe aos meus avós, ao seu esforzo e á súa sensibilidade»

**Como te sentiches ao saber deste premio?**
Cando souben do premio sentín unha emoción profunda porque implicou o peche dunha etapa que foi marabillosa. Se ben, a escritura é un exercicio solitario, na miña maneira de traballar non é nada parecido a iso. Gústame traballar en equipo e sempre necesito instancias onde poñer en común ideas, compartir, interactuar. Iso xera estímulos e abre universos inéditos. Escribir unha tese de doutoramento é unha viaxe na que me acompañaron moitas persoas, entre elas, quero destacar ás miñas directoras Ana Cabana Iglesia e María Xesús Nogueira Pereira que foron fundamentais. É moi gratificante ter un recoñecemento deste tipo, porque sabemos que detrás hai moito traballo, entusiasmo e compromiso.

**Que significa para ti recibir este premio por un traballo realizado na USC?**
A miña historia persoal tamén se cruza e potencia esa emoción. Porque os meus avós eran galegos e cruzaron o mar fuxindo dos horrores da guerra, da fame, o frío e o medo. Eu son arxentina, pero tamén son galega e sempre que podo volvo a Galicia porque é a miña terra tamén. Así o sinto. Ter a posibilidade de estudar na Universidade de Santiago de Compostela un mestrado, despois un doutoramento e que o peche desa etapa sexa así, é moi emocionante para min porque todo o que me vincule a Galicia é sempre unha homenaxe a eles, ao seu esforzo e á súa sensibilidade.

**Que é o que tanto che atrae do mito de Antígona para que decidiras centrar nel a túa tese?**
Dende sempre tiven unha forte atracción cara ao universo da Antiga Grecia. Nos meus primeiros anos como estudante en Puán, a Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires (UBA), estudiei un curso de Grego Clásico porque quería poder traballar cos textos en idioma orixinal intentando sortear as problemáticas das traducións. Despois empecei a estudar mitos de maneira apaixonada e son mitóloga, gústame dedicar

Ir ao sumario

tempo a analizar as representacións e desfruto moito de ser unha especie de rapsoda contemporánea. Os rapsodas eran "cosedores de cantos" na antigüidade e ían polas vilas contando mitos. Eu gozo de compartir eses relatos míticos, que circulen, desde a narración oral e como reservorio da nosa memoria colectiva.

### Que ten de especial a Antígona de Sófocles?

A Antígona de Sófocles é a primeira obra na que, como afirma George Steiner, unha muller é representada con idéntica dignidade que o home. Este rasgo resalta a importancia que cobra no contexto das loitas pola emancipación feminina. Ademais, a versión sofoclea vai representar un cambio de paradigma fundamental da tradición grega. O xénero da traxedia comeza cando o mito deixa de regular as accións da comunidade e o heroe tráxico vai estar escindido entre dous mundos: un rexido polas leis divinas, o mítico, referido a ese tempo primordial pretérito, fundante; e outro rexido polas leis humanas, é dicir, as concepcións e idearios asociados á incipiente democracia da cidade ateniense.

